



## ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

Extracto de la resolución núm. 2022/38125, de 9 de septiembre, por la que se aprueba la convocatoria del IV Premio “Luísa Villalta” a proyectos por la igualdad, año 2022.

**BDNS (Identif.): 650003**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/650003>)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del IV Premio “Luísa Villalta” a proyectos por la igualdad, año 2022. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

### **Primero. Beneficiarios**

Podrán presentar sus proyectos todas aquellas personas físicas o jurídicas con sede social permanente en el territorio gallego y que estén legalmente constituidos en el momento de hacer la solicitud como profesionales inscritas/los en el régimen especial de trabajadoras/eres autónomas/los, entidades de economía social y/o empresas.

### **Segundo. Objeto**

El concurso tiene por objeto el fomento de la igualdad mediante la realización de proyectos que pongan en valor el papel histórico, económico, social y cultural de las mujeres y/o contribuyan de forma relevante al avance en el asentamiento social de la apuesta por la igualdad de género, la lucha contra la violencia de género, la diversidad sexual e interseccionalidad.

### **Tercero. Bases reguladoras**

La convocatoria se regirá por las Bases, que fueron publicadas en el BOP núm 169 del 6 de septiembre de 2022, disponibles en:

[https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/09/06/2022\\_0000005477.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/09/06/2022_0000005477.pdf)

### **Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 100.000,00 €, con cargo a la partida 0611/23122/481 del Presupuesto común para 2022.

Se establece ocho premios por un importe máximo de 12.500 euros cada uno; en función del presupuesto del proyecto seleccionado, el importe del premio podrá ser menor.

En caso de que exista disponibilidad presupuestaria el jurado podrá proponer la concesión de algún premio más.

### **Quinto. Criterios de valoración**

Los criterios de valoración serán los establecidos en la base 7ª de las Bases del premio.

### **Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará a las 14:00 horas del día 20 de octubre de 2022.

### **Otros datos de interés**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A Coruña

9/9/2022

El Presidente de la Diputación Provincial de A Coruña, Valentín González Formoso

**Extracto da resolución 2022/38125, de 9 de setembro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do IV Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, ano 2022.**

**BDNS (Identif.):650003**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/650003>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria do IV Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade, ano 2022. O texto completo do Premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

**Primeiro. Beneficiarios**

Poderán presentar os seus proxectos todas aquelas persoas físicas ou xurídicas con sede social permanente no territorio galego e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, entidades de economía social e/ou empresas.

**Segundo. Obxecto**

O concurso ten por obxecto o fomento da igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel histórico, económico, social e cultural das mulleres e/ou contribúan de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero, a loita contra a violencia de xénero, a diversidade sexual e interseccionalidade.

Procurarase o recoñecemento e a consolidación de proxectos que contribúan a rachar coas desigualdades de xénero, o fomento do impacto social e a construción dunha sociedade máis igualitaria.

**Terceiro. Bases reguladoras**

A convocatoria rexerese polas Bases, que foron publicadas no BOP núm 169 do 6 de setembro de 2022, dispoñibles en: [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/09/06/2022\\_0000005477.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2022/09/06/2022_0000005477.pdf)

**Cuarto. Cuantía**

O importe da consignación ascende a un total de 100.000,00 €, con cargo á partida 0611/23122/481 do Orzamento ordinario para 2022.

Establécese oito premios por un importe máximo de 12.500 euros cada un; en función do orzamento do proxecto seleccionado, o importe do premio poderá ser menor.

No caso de que haxa dispoñibilidade orzamentaria o xurado poderá propoñer a concesión dalgún premio máis.

**Quinto. Criterios de valoración**

Os criterios de valoración serán os establecidos na base 7ª das Bases do premio.

**Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 20 de outubro de 2022.

**Outros datos de interese**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A Coruña

9/9/2022

O Presidente da Deputación provincial da Coruña, Valentín González Formoso

2022/5934